

A caixiña de Mónica

Sentimento profundo, intenso. Amor verdadeiro. Así é a súa poesía, a súa escrita, un xogo serio e fermoso. Así é o sentir, o latexar, o palpitar desta poeta que leva pendurado na lapela do seu corazón o mar dos afectos, das palabras, da vida de Vilanova de Arousa, de Teo, da Estrada.

Así é a muller que inscribe na súa circunferencia vital un triángulo imprescindible que ten como vértices a María, Iago, e Pepe.

Así é (digo) a experta estudosa quevediana, autora dunha morea de traballos, algúns deles recollidos na publicación, *Algunas fuentes de la "inventio" en la poesía religiosa de Quevedo* (Editorial, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2007).

Así é (insisto) a creadora que xurdiu con forza na República das Letras acadando, no 2015, o Premio Arume de Poesía da Fundación Xosé Neira Vilas co seu *Soños de nenos* (Edicións Embora, 2017); cunha escrita -ao dicir do xurado- "áxil e luminosa nas imaxes, todo un mundo de elementos tenros e maravillosos, tecidos por unha persoa que denota un perfecto coñecemento da alma infantil. A súa lectura pode facilitar un primeiro contacto coa lírica e ofrecer aos mestres un valioso recurso educativo".

Así é -seino polos meus- "un *cielo* de persoa", "unha excelente" profesora de Lingua Castelá do IES Manuel García Barros.

Así é *Versos e bolboretas*. Todo un uni(verso) creativo, doce agarimoso, humilde, sinxelo e xeneroso... *ti pides a lúa, coller unha estrela, //salvar o mundo, //apertas e beixos; //verte feliz//é todo o que eu quero//.*

E por riba de todo, a musicalidade que agroma dos versos, dos poemas, da palabra poética que semella saír dunha caixiña interior.

*Fun rebuscar//na caixiña do peito,//(onde levo gardados//os
sentimentos),//alí estabas ti,//sorrindo nun verso,//co teu
asubío,//co teu riso ledos//*

*Abrín a caixiña, // saíron os versos, // dixeron as cousas//
todas que eu quero,//as palabras e os versos//do amor
verdadeiro.*

Así é a caixiña dos versos de Mónica. O gran secreto de Mónica Varela Gestoso, vivir e actuar poéticamente.

Xosé Luna

A Estrada da Vida,
5 de marzo de 2017